



EXPTE: SERVIZO DE CONCILIACIÓN NOS DÍAS LECTIVOS DENOMINADOS TEO MADRUGA E TEO COIDA.

S-6/2024

1 XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE E INSUFICIENCIA DE MEDIOS

A necesidade que teñan as familias de conciliar a vida de coidados familiares e a vida laboral, fai que a xestión do tempo sen clase dos nenos e nenas menores se constituía como un elemento básico na calidade de vida de pais e nais.

Por outra parte, a Lei 9/2017 de contratos do sector público, fixa no seu artigo 28 a obriga de xustificar a necesidade de acudir á contratación pública por insuficiencia de medios.

O Concello de Teo carece dun cadro de persoal que poida asumir a prestación do servizo de conciliación durante os días lectivos do curso escolar de xeito directo.

De acordo co exposto, xustifícase a necesidade de acudir ao contrato administrativo de servizos por falta de medios propios do concello para prestar o servizo de conciliación durante os días lectivos do curso escolar denominados Teo Madruga e Teo Coida.

2. CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

Administración contratante: Concello de Teo

Tipo de contrato: Servizos

Obxecto do contrato: SERVIZO DE CONCILIACIÓN NOS DÍAS LECTIVOS DENOMINADOS TEO MADRUGA E TEO COIDA.

O presente contrato abarca a prestación dos programas de conciliación familiar “Teo Madruga e Teo Coida”, promovidos polo Concello de Teo ao abeiro da normativa local vixente e das disposicións en materia educativa sobre cooperación na realización de actividades e servizos complementarios, e deberá ser prestado conforme ao establecido nos pregos de cláusulas administrativas particulares, prescricións técnicas, e no regulamento de funcionamento do devandito servizo aprobado polo pleno do Concello de Teo.



Teomadrega é un programa de conciliación da vida laboral e familiar que se desenvolve dende as 7:30 horas ata o comezo das aulas durante todos os días do período lectivo do ensino infantil e de primaria nos CEIP públicos de Teo que teñan establecido o servizo.

No presente curso, as aulas comezan :

9.00 horas CEIP Os Tilos

9.15 horas, CEIP Calo

9.30 horas, CEIP Ramallosa

Teocoida é un programa de conciliación da vida laboral e familiar que se desenvolve despois do remate do comedor, durante todos os días do período lectivo do ensino infantil e de primaria nos CEIP de Calo, Tilos e Ramallosa, dende o remate do servizo de comedor ate as 18.30 horas. Toda a regulación de Teomadrega é aplicable a Teocoida, coas adaptacións lóxicas do horario.

Este servizo comprende:

- Servizo de gardería. Coidado e atención educativa durante o tempo que se permaneza no servizo antes do comezo das aulas e/ou despois das mesmas.
- Servizos de alimentación para o alumnado interesado. Prestaranse servizos de alimentación, almorzo, durante o Teomadrega. O seu contido estará rexido por unha alimentación san e natural.

Procedemento de contratación: Procedemento aberto simplificado.

Tipo de tramitación: ordinaria

Código CPV:

85311300-5	Servizos de benestar social proporcionados a nenos e xovenes.
------------	---

Forma de presentación de ofertas: electrónica (PLCSP)

Ofertas anormalmente baixas: referida a anormalidade no prezo.

3. DIVISIÓN EN LOTES.

Consonte o artigo 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, non procede este tipo de licitación para garantir a integridade do servizo e evitar a posible descoordinación na súa prestación, xa que malia realizarse as actividades en tres centros educativos distintos, existe unidade de programación para todas as persoas participantes.

4. PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN

Aplicación orzamentaria: 231/227.99

Valor estimado: 92.186,55 €

Orzamento sen IVE: 92.186,55 €

IVE: 9.218,65 €

Orzamento total: 101.405,20 €

Duración do contrato: Un (1) ano, a duración do contrato corresponderase co curso escolar que comprende desde setembro de 2024 ata xuño de 2025, sen posibilidade de prórroga.

Prazos parciais: Non

5. SOLVENCIA.

Acreditarse por algún dos medios previstos na LCSP que se indicarán nos pregos.

6. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta máis vantaxosa atenderase aos seguintes criterios de adxudicación **(100 puntos):**

A) Criterios avaliados de forma automática: ata un máximo de 75 puntos

1. Proposición económica: A valoración realizarase outorgando 35 puntos á oferta máis baixa.

2. Actividades complementarias: 40 puntos, outorgándose 20 puntos por



cada actividade:

- Actividade con cans de terapia: 20 puntos. Actividade dirixida ás crianzas no programa Teocoida, de periodicidade mensual (8 sesións de unha hora por curso) cos obxectivos seguintes:

- Desenvolver as habilidades sociais e de comunicación, a empatía e o interese polas demais persoas.

- Mellorar a autoestima.

- Coñecer os cans, especies, gustos, necesidades e linguaxe canina.

- Actividades de reciclaxe e protección do medio ambiente no programa Teocoida: 20 puntos, outorgándose 10 puntos por cada actividade:

- Actividades de reciclaxe: 10 puntos.

- Horta escolar ecolóxica: 10 puntos.

B) Criterios avaliados mediante xuízo de valor: ata 25 puntos

Para a súa valoración se presentarán dous proxectos en PDF asinados dixitalmente en letra arial 12, a dobre espazo, un para o Teomadrega e outro para o Teocoida. A programación terá unha extensión máxima de 30 folios para cada programa. Valorarase ata un máximo de 25 puntos o seguinte:

1. Organización da prestación do servizo ata 22 puntos:

-Proxecto educativo ata 13 puntos: Valorarase a temática xeral escollida para o curso, os obxectivos, metodoloxía a empregar, descrición das actividades, con indicación dos materiais a utilizar en cada unha delas e a súa programación por mes e a planificación do horario durante o tempo do servizo.

-Comunicación coas familias ata 3 puntos: O/a contratista garantirá un sistema de comunicación coas familias, que incluírá un sistema de seguimento do que se lles informará ás familias a través do cal se poida trasladar calquera anomalía ou incidencia, e tamén atenderá ás familias para recoller os seus comentarios e indicacións. Deberá establecer tamén un sistema de comunicación co persoal municipal responsable do servizo.

-Servizo de almorzo ata 3 puntos: O/a licitador/a especificará a calidade dos produtos alimenticios comprometéndose á preparación de menús nutricionalmente adecuados para o alumnado, incluíndo aqueles con necesidades alimenticias especiais.

-Recursos materiais ata 3 puntos: Incluiranse por separado os listados de materiais do servizo de almorzo e os do equipamento das actividades lúdicas e educativas, sen incluír referencias aos custes.

2. Medios humanos ata 3 puntos: En función da capacitación do monitorado e da organización do traballo. Descrición do equipo humano proposto, detallando a categoría ou perfil profesional e experiencias anteriores similares. Os curriculums do persoal, agruparanse nun anexo ao final do proxecto técnico, e non computarán para o límite de páxinas. As titulacións habilitantes son as recollidas no Regulamento de funcionamento dos Programas de conciliación do Concello de Teo (BOP núm. 213, do 14 de decembro de 2020). Farase constar o cadro de persoal tipo segundo as indicacións do apartado 1.1 do Prego de Prescricións Técnicas, coas horas de contrato semanal de cada posto de traballo. O convenio colectivo ao que se adscribirán os contratos de traballo será o III Convenio Colectivo Marco Estatal de Ocio Educativo e animación sociocultural (BOE núm. 69, do 22 de marzo de 2021). Non se deben incluír mencións relativas ao prezo.

7. RESPONSABLE DO CONTRATO

A avogada do CIM será a persoa responsable do contrato, e o CIM o encargado do seu seguimento.

Na data da sinatura

A Alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz